

Sr. Abel Caballero. Alcalde de Vigo.

Asunto: Reclamacións orzamento xeral do Concello de Vigo para o exercicio 2020.

Que o pasado 15 de novembro de 2018, publicouse no boletín oficial da provincia de Pontevedra nº 221, o anuncio polo que se somete a información pública o orzamento xeral do Concello de Vigo para o exercicio de 2020 e polo que presentamos as seguintes alegacións:

ALEGACIÓN Nº1

Que estudada a documentación do orzamento xeral, observamos que a partida de 50.000 euros, que figura destinada para a sala de lectura e usos múltiples en Teis, é insuficiente para poder acondicionar o edificio que ocupaba o antigo centro de saúde de Teis, na rúa Enrique Lorenzo e que foi cedido hai un ano pola seguranza social ao Concello de Vigo.

Desde a Asociación Veciñal de Teis, defendemos que este edificio cunha superficie de 1000 metros cadrados, pode acoller non só unha sala de lectura se non ademais unha, biblioteca, ludoteca e un local xuvenil. Polo que entendemos que debe aumentarse esta partida a un importe de 964.000 euros.

Que polo exposto anteriormente se proceda a aumentar a partida, “ **sala de lectura e usos múltiples en Teis** “ por un importe de 964.000 euros (1.014.000 euros total partida) e retraendo esta cantidade da partida número 3260-2279917 “ programa educativo aulas internacionais “, ficando esta partida de 2.046.000,00 euros coa contía de 1.082.000 euros.

ALEGACIÓN Nº2

Que estudada a documentación do orzamento xeral, observamos que non figura ningunha partida que recolla a mellora do campo de fútbol da Guía.

O campo de fútbol da Guía de herba sintética, está moi deteriorado. Este é o campo que utilizan os equipos de fútbol de Teis, para adestrar e xogar os partidos oficiais nas diferentes categorías. Desde hai anos que este campo necesita unha nova superficie de herba sintética.

Polo que entendemos que debe incluírse unha nova partida para “ **superficie de herba sintética campo da Guía** “, por un importe 225.000 euros

Que polo exposto anteriormente se proceda a incluír unha nova partida, “ **superficie herba sintética campo da Guía**”, de 225.000 euros, retraendo esta cantidade da partida número 9330-6320010, “ investimento mellora E.M Balaidos ” ficando esta partida de 6.000.000,00 euros en 5.775.000,00 euros.

ALEGACIÓN Nº3

Que estudada a documentación do orzamento xeral, observamos que non figura ningunha partida que recolla a construción de novas beirarrúas no barrio de Teis.

No barrio de Teis, podemos aínda observar como hai rúas que carecen dunha simple beirarrúa nalgunha das marxes. Esta situación provoca perigo para a veciñanza que vive ou pasar por estas rúas, pois son rúas moi transitadas e con risco de atropelo.

Esta asociación xa ten solicitado a este goberno municipal, a necesidade de construír beirarrúas nestas rúas, pero até o de agora non foi unha prioridade.

Aquelas rúas nas que sería máis urxente actuar son a rúa da Oliveira, rúa Gerardo Campos Ramos, camiño de Foxos e a rúa Roris.

Polo que entendemos que debe incluírse unha nova partida de construción de beirarrúas en Teis, por un importe de 450.000 euros.

Que polo exposto anteriormente se proceda a incluír unha nova partida, “ **construción de beirarrúas en Teis** “ de 450.000 euros, retraendo esta cantidade da partida número: 4320-2279902, “ promoción turística destinos rotas aéreas“ ficando esta partida de 2.855.200,00 euros en 2.405.200 euros.

ALEGACIÓN Nº4

Que estudada a documentación do orzamento xeral, observamos que non figura ningunha partida que recolla a construción dun novo parque infantil no barrio de Teis.

Desde fai anos vimos denunciando que os parques infantís existentes son insuficientes para atender as necesidades das familias do barrio.

Esta asociación incluso ten sinalado terreos municipais abandonados que poderían destinarse como parque infantil ou ampliar o existentes. A mellora do parque infantil de Pedro Alvarado, que era unha demanda veciñal, segue sen cubrir a necesidade de parques infantís en Teis.

Polo que entendemos que debe incluírse unha nova partida de construción dun parque infantil en Teis, por un importe de 400.000 euros.

Que polo exposto anteriormente se proceda a incluír unha nova partida, “ **construción parque infantil en Teis** “ de 400.000 euros, retraendo esta cantidade da partida número: 4310-2279901, “programa de decoración e animación nadal “ ficando esta partida de 515.000,00 euros en 115.000 euros.

ALEGACIÓN Nº5

Que estudada a documentación do orzamento xeral, observamos que non figura ningunha partida que recolla o asfaltado de rúas e camiños en Teis.

Desde fai anos vimos denunciando o mal estado do firme de moitas rúas de Teis, que non se soluciona con tapar unhas fochancas.

Aquelas rúas nas que sería máis urxente actuar son a rúa Gerardo Campos Ramos, camiño do Laranxo, rúa Julian Estevez, 1º travesía de Foxos incluíndo o estacionamento, Doutor Corbal tramo final.

Polo que entendemos que debe incluírse unha nova partida de asfaltado en Teis, por un importe de 180.000 euros.

Que polo exposto anteriormente se proceda a incluír unha nova partida, “ **asfaltado de rúas de Teis** “ de 180.000 euros, retraendo esta cantidade da partida número: 9121-2260201, “ difusión e promoción da cidade ” ficando esta partida de 185.000,00 euros en 5.000 euros.